

Semana do 15 ao 19 de xuño de 2020

Bo día.

Chegamos ao final deste particular curso. O primeiro é dar os parabéns a todos/s: familias, profesorado e especialmente, ao alumnado. O reto non era nada doado pero soubemos estar á altura. Despois de estar parte do curso separados/as, queremos que esta última semana de traballo supoña un encontro de novo. Deste xeito, e sendo conscientes do cansos/as que xa nos atopamos, a proposta de traballo será conxunta para todo o alumnado do centro e consistirá en participar en un, dous ou tres dos paneis propostos.

Utilizaremos a aplicación Padlet, que permite presentar e compartir contido de maneira moi doada nun panel común. Hai tres opcións:

1.- **Día da bicicleta.** O vindeiro mércores 17 celebrariamos o día da bicicleta. Pois que mellor que facelo visible saíndo durante esta semana a dar unha volta e se é posible coa camiseta da carreira do magosto deste curso. Pódese subir ao panel compartido calquera cousa relacionado con este día: foto, vídeo, texto, ligazóns; tanto noso, como relacionado co mundo da bicicleta.

<https://padlet.com/ceipdocaminhoingles/diadabicicleta>

2.- **Descenso do Carboeiro.** O 19 de xuño estariamos facendo o II Descenso do Carboeiro. Propoñemos facer un panel compartido onde cada quen poida subir o seu prototipo de embarcación. Nun debuxo, vídeo, fotografía... Como se queira. O importante é a imaxinación.

<https://padlet.com/ceipdocaminhoingles/IIdescensoocarboeiro>

3.- **Fin de curso.** Despois deste curso tan atípico, trátase de subir a este panel o que consideremos oportuno. Pensamentos, imaxes, vídeos, ligazóns sobre o confinamento, o traballo en casa, o verán ou os propósitos para o vindeiro curso.

<https://padlet.com/ceipdocaminhoingles/findecursos2020>

Todo se pode facer identificado co nome e curso ou de maneira anónima. Como vedes, vale calquera cousa con tal de sentir como facemos outra vez cousas en común. Tedes un [tutorial](#) por se hai dúbidas á hora de utilizar a aplicación, pero é moi doada.

Moito ánimo para esta última semana de traballo do curso.

O profesorado.